



NÉSTOR VALLE GÓMEZ, «NITO» XOGADOR DO PESCADOS RUBÉN-BURELA CONVOCADO NA SUB-18

«Que te chame a selección española sempre é un motivo de orgullo»

O xuvenil foi reclamado por terceira vez polos técnicos da Federación para a concentración en Madrid e en Francia

IVÁN D. ROLLE
 BURELA / LA VOZ

O peso internacional do Pescados Rubén-Burela medra grazas ao seu mimo á canteira. Os técnicos da Federación Española teñen cada día máis en conta ás xoias da base laranxa, e a senda que hai anos estreou Iago Míguez é cada vez máis alongada. Pitero, Luismi e Nito son agora os herdeiros da estrela do equipo laranxa de Segunda División. Este último, Néstor Valle Gómez, «Nito» (Burela, 2000), vén de recibir a terceira chamada da Selección. Esta vez defenderá ao combinado nacional sub-18 nunha concentración en Las Rozas (Madrid) e Montargis (Francia) do 20 ao 30 de agosto.

—Que significa para vostede esta chamada?

—É a recompensa ao traballo e sacrificio que fixen durante toda a tempada. Xa viñera convocado outras dúas veces e saíranme ben as cousas, co cal sabía que podían citarme, pero unha chamada da Selección española sempre te sorprende, sempre é motivo de orgullo.

—Preparan algún torneo?

—Non estou moi ao tanto. Pero penso que o ano que vén hai un

Europeo e uns Xogos da Xuventude. Estar alí sería un soño feito realidade, e creo que, se traballo e teño sorte, terei posibilidades.

—Foron moitas as felicitacións que lle chegaron?

—Moitísimas, aínda que penso que menos que as outras dúas veces. Xa non sorprende tanto.

—Que tipo de xogador é Nito?

—Un xogador de equipo, nada individualista, e que considera que o máis importante é que gañe o equipo, non os minutos que eu xogue ou os goles que marque.

—En quen se fixa para aprender?

—Sobre todo en Carlos Ortíz, do Movistar Inter. E tamén en Renato, que para tódolos nenos de Burela e desta canteira é un exemplo e un ídolo.

—Comezou a pretempada co equipo de Segunda División.

—O adestrador, Juanma, coñécese, temos confianza e sempre me transmitiu a súa fe en min. Oxalá no futuro teña a oportunidade de ser importante no Burela, a poder ser en Primeira.

—Ve o seu futuro ligado ao fútbol sala?

—Estou estudando un ciclo, pero encantaríame gañarme a vida con este deporte, é o que máis feliz me fai.



Néstor Valle Gómez, «Nito», á dereita coa selección sub-18.

«O adestrador, Juanma, sempre me transmitiu a súa fe en min»